



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/grao-farmacia



Grao en Farmacia



www.usc.gal



Farmacia

O Grao en Farmacia pretende formar expertos en todos os aspectos relacionados cos fármacos e os medicamentos, en conformidade coa Directiva Europea referente á Titulación de Farmacia, incluíndo as actividades de farmacia clínica e atención farmacéutica. O Grao proporciona a adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para o exercicio profesional.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Facultade de Farmacia

Avda. de Vigo s/n
15782 Santiago de Compostela
farmacia.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grao-farmacia

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 5 anos

Número de prazas: 195

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en cinco cursos, cun total de 300 créditos, conformados por 78 créditos de formación básica, 195 créditos obrigatorios e 27 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. Mediante o Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Os requisitos que debe cumprir o estudantado para cursar a materia obrigatoria de Prácticas Tuteladas, cunha carga docente de 24 ECTS, son ter superados polo menos 243 créditos, dos que 237 teñen que ser de formación básica e obrigatorios.

As Prácticas Tuteladas teñen como obxecto proporcionar ao estudante a posibilidade de aplicar os coñecementos adquiridos na titulación. Preténdese que os futuros farmacéuticos se integren no ámbito laboral e se preparen para realizar actividades ás que se van a dedicar ao rematar a súa formación académica.

Os Estudantes de Farmacia poderán obter o recoñecemento académico dun máximo de 18 créditos pola realización de prácticas externas ptativas relacionadas co título e que son ofertadas pola Facultade como formación académica complementaria dos seus estudantes.

